

POLA PROTECCIÓN DA SAÚDE MENTAL E CONTRA O DETERIORO DA SÚA ASISTENCIA PÚBLICA

O estado da atención sanitaria e social á saúde mental en Galicia está nun proceso de franco deterioro. Os escasos datos que se dan a coñecer sobre indicadores de saúde da poboación informan dunha evolución negativa, e os informes que proporcionan os profesionais e usuarios dos servizos públicos de saúde mental, debuxan unha realidade asistencial na que se salientan feitos inaceptables.

Deles conclúese que:

- **CONCÚLCANSE DEREITOS ASISTENCIAIS** . Están a ser danados os dereitos asistenciais e son restrinxidas de feito as prestacións sanitarias recoñecidas como dereito por lei á cidadanía.
- **DETERIÓRASE A CALIDADE E COMPROMÉTESE A SEGURIDADE**. Estáse a proporcionar unha asistencia por debaixo das condicións de calidade e seguridade esixibles, e do nivel que a cualificación dos profesionais da saúde pode garantir. Iso é así tanto pola dificultade para acceder á mesma como para recibila coa intensidade, extensión e diversidade de recursos e accións profesionais recoñecidas como necesarias (esperas, distancia temporal entre consultas sucesivas, redución de tempos de atención, limitacións para acceso á hospitalización e acortamento temerario da mesma, impedimentos para acceso á rehabilitación, inexistencia de plans específicos para situacións de alta morbi-mortalidade).
- **DETERIÓRASE O EXERCICIO PROFESIONAL**. Estánse a deteriorar gravemente as condicións para o exercicio da actividade dos profesionais da saúde mental como consecuencia da dinámica de funcionamento dos servizos e institucións sanitarias, da incertidume laboral e do incremento de carga asistencial, do incumprimento das indicacións de *ratios* de doentes por profesional, e do establecemento nos acordos de xestión de obxectivos economicistas e non os orientados á mellora da calidade asistencial.
- **QUÉBRASE A EQUIDADE: OS DOENTES CON TRASTORNO MENTAL GRAVE E SEN RECURSOS, PEOR**. Estáse a constatar que o maior deterioro da situación recae sobre aqueles sectores sociais que menos recursos posúen, máis necesidades teñen, e en peor situación de saúde se atopan.
- **CARÉCESE DE PLANIFICACIÓN, OCÚLTASE INFORMACIÓN E IMPÍDESE A PARTICIPACIÓN**. Os responsables da dirección do SERGAS non están a desenvolver os medios de planificación, avaliación, desenvolvemento de recursos, coordinación e información necesarios para que a actividade dos profesionais permita obter os

mellores resultados posibles na atención ós usuarios de Saúde Mental. Na toma de decisións marxínase ós profesionais, ós usuarios, e ós doentes e ás súas familias.

Este estado de cousas enmárcase nun contexto de funcionamento antidemocrático dos servizos e institucións do SERGAS, responsables da atención pública á saúde mental, de redución progresiva de recursos profesionais e materiais, e de carencia dun proxecto público cara o futuro de acción social e sanitaria en saúde mental. **Galicia está de novo sen plan específico de saúde mental.**

O deterioro na atención á saúde mental é parte do deterioro sanitario xeral, e ámbolos dous son unha consecuencia do tipo de xestión que se está a facer desta crise económica, e do recorte de dereitos que estamos a sufrir. Pero ademais, ese deterioro en Galicia incide sobre unha situación que xa era fráxil e peor en termos relativos respecto á media do Estado Español, xa fora en dotacións profesionais e recursos asistenciais, xa en indicadores de saúde ou en desenvolvemento da organización da rede de atención á saúde mental. Cómpre lembrar que para corrixir esa situación puxérase en execución o *Plan Estratégico de Saúde Mental Galicia 2006-2011*, que se viu interrompido polo goberno autonómico xa na pasada lexislatura, sen que dende aquela se definira ningunha alternativa coñecida.

Esta preocupante situación agudízase nos últimos anos como consecuencia do deterioro das condicións de vida e de traballo, o incremento do sufrimento intolerable producido pola ameaza que sobre as vidas proxecta a crise económica e as políticas que os nosos gobernos dipoñen fronte a ela, e a diminución dos recursos de protección social e sanitaria.

OMS-Europa xa advertiu hai tres anos nun informe específico, que se durante a crise se desenvolvían políticas que reducisen a protección social, incrementaríanse os riscos e danos na saúde mental das poboacións afectadas. Os nosos gobernantes estaban avisados. O resultado que estamos a sufrir predíxose e cúmprese rigurosamente.

Pódense facer outras políticas sanitarias en saúde mental: só é unha cuestión de opcións a tomar, intereses a defender e prioridades a atender. Mais a saúde mental non parece ser unha preocupación dos nosos gobernantes. A ausencia de proxecto ó respecto, e o desleixo no que se a está a deixar caer, así o confirma.

Ante esta situación, na nosa condición de usuarios, doentes, familiares e profesionais sanitarios, **PROMOVEMOS ESTA DECLARACIÓN** compartindo a valoración e a preocupación sobre a gravidade da mesma, movidos pola defensa da calidade e dos dereitos asistenciais, e sentíndonos obrigados polo deber que crea o coñecemento do que está a ocorrer.

COMPROMETÉMONOS A ACTUAR para mudar esta realidade inaceptable, sabedores de que a crise económica estase a usar como argumento para facer políticas que son presentadas como inevitables, cando só son algunhas das posibles, e convencidos de que hai outras opcións sanitarias e sociais máis respectuosas cos dereitos das persoas e máis útiles ás súas necesidades de saúde.

E por iso decidimos iniciar, desenvolver e afortalar un **MOVIMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL** para:

- **Deter o deterioro na atención á saúde mental, e acadar os recursos sanitarios e sociais que compran.**
- **Comprometer a todos os sectores e axentes implicados, na defensa da mellor atención sanitaria e social aos doentes e ás súas familias.**
- **Ofrecer alternativas á situación, elaboradas coa participación de todos os afectados e integrando ás diferentes experiencias e visións (enfermos, familias, profesionais) sobre os problemas de saúde mental.**

E para iso propoñémonos:

- **ANALIZAR A SITUACIÓN DE CADA ÁREA SANITARIA.** Describir para cada área sanitaria, e para cada bisbarra, a evolución do estado das necesidades de saúde mental, e da resposta sanitaria e social ás mesmas, e moi en particular referido a aqueles sectores de poboación mais vulnerables e en condición máis grave.
- **ELABORAR PROPOSTAS DE MELLORA.** Avanzar na elaboración de propostas comúns para presentar ás institucións de goberno da nosa Comunidade cara a mellorar e resolver as carencias e insuficiencias identificadas.
- **INFORMAR Á POBOACIÓN.** Difundir a nivel social o coñecemento da situación, procurando a maior implicación das súas diversas institucións, organizacións sociais e cidadáns, nas accións a prol da súa modificación.
- **PROMOVER O COMPROMISO, A PARTICIPACIÓN E A MOBILIZACIÓN.** Organizar as accións individuais e colectivas que compren para impedir que siga a empiorar a situación , e para mudala.
- **DEFENDER O PÚBLICO.** Esta é a alternativa. Potenciar o desenvolvemento da sanidade pública, dos servizos sociais públicos, das políticas activas de emprego, e das medidas de protección social, dende a súa consideración como medios básicos para reducir o dano á saúde mental e o sufrimento, empeorado no actual contexto de crise económica.
- **ESIXIR O RESPECTO ÓS DEREITOS DEMOCRÁTICOS, SOCIAIS E SANITARIOS.** Defender os dereitos democráticos, sociais e sanitarios conquistados pola nosa sociedade, hoxe en risco de limitación ou abolición. Eles son a base da convivencia social e do respecto ós dereitos dos máis febles, nomeadamente dos enfermos mentais.

MÁIS DEMOCRACIA CON MÁIS XUSTIZA = MÁIS SAÚDE

Con eses obxectivos no día de hoxe comezamos esta andaina, até onde cómpira, para reclamar o respecto ó noso dereito á saúde, para defender a nosa sanidade, e para protexer a saúde mental da comunidade da que somos parte.

En Santiago de Compostela, a 13 de febreiro de 2014

Promoven este movemento e asinan esta declaración.

Profesionais da saúde mental

Nome - Profesión - Centro de traballo - Outro dato identificativo (opcional)

... ..

Asociacións

... ..

Organizacións Sindicais

... ..